

# *Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*

ACTAS  
COMISIÓN DE CALIDADE  
Curso 2022-2023

---

---

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 09/02/2023
---

Asistentes: Begoña Álvarez, Coral del Río Otero, Mercedes Vila, Xabier Fernández, Dolores Garza, Santiago Gómez, Leticia Lorenzo, Pilar Piñeiro (en remoto), Francisco Rodríguez, María Xosé Vázquez . Desculpa a asistencia: Eduardo Jiménez.

Comeza a sesión ás 12.15 horas, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05/05/2022).
- 2.- Informe da responsable de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, de novo cuestionario de avaliación interna das titulacións de GRAO.
- 4.- Comunicación de resposta da ACSUG ao Informe de Autoavaliación da Titulación do Grao en Economía (R1-DO0102 P1, aprobado en Comisión de Calidade de 05/05/2022).
- 5.- Validación, se procede, de informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial (PAT) (R2-D00203-P1) do curso académico 2021-2022.
- 6.- Validación, se procede, de Plan de Promoción de Centro (R1-DO0202P1) do curso académico 2021-2022.
- 7.- Rogos e preguntas

**Punto 1.**

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 05/05/2022.

**Punto 2.**

A responsable de calidade, María X. Vázquez, informa de que a motivación desta reunión é pechar documentos que quedaban pendentes do curso 2021-22, entre eles os dous que se traen a validar, o Plan de Promoción do Centro (R1-DO0202P1) e o Informe Final de Avaliación do PAT (R2-D00203-P1). Informa dos documentos que se incorporaron ao SGIC: informes anuais de coordinación e informes de prácticas extracurriculares. Faltan os resultados de avaliación docente definitivos, aínda non publicados no portal de transparencia.

A continuación presenta un resumo das principais conclusión dos informes de coordinación das titulacións e dos informes de prácticas extracurriculares.

Tamén informa dos retos ou traballo pendente a curto/medio prazo:

- 
- a) IRD (2021-2022).
  - b) Modificación manual de calidade.
  - c) Modificación memoria ADE. Límite 13/04/2023.
  - d) Acreditación Economía. 15/03/2023.
  - e) Programa de Desenvolvemento Estratéxico de Centro.

**Punto 3.**

Explícase que as modificacións introducidas no cuestionario teñen como obxectivo eliminar preguntas vencelladas á docencia online; introducir suxestións derivadas dos propios informes de coordinación, a partir das opinións dos coordinadores de materia (entre outras, a adecuación de medios e espazos), e obter información sobre a avaliación continua, que non está recollida nos datos da secretaría virtual.

Valídase por asentimento.

**Punto 4.**

Punto de carácter informativo. A Comisión opina que o informe é sensato e destaca fortalezas e debilidades a ter conta no proceso de acreditación e para melloras futuras.

**Punto 5.**

Hai unha reflexión xeral sobre o mal funcionamento do PAT tal e como está formalizado. Hai acordo de que o PAT funciona por outras vías, sobre todo que o alumnado acode ao decanato e aí se lles informa e axuda nas problemáticas que xorden.

Valídase por asentimento.

**Punto 6.**

Valídase por asentimento coa incorporación da información proporcionada pola profesora Pilar Piñeiro sobre charlas científico-divulgativas levadas a cabo en institutos.

**Punto 7.**

Non hai rogos nin preguntas.

Levántase a sesión ás 13.15 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE  
19/04/2023

Asistentes: Begoña Álvarez, Tony Crespo, Coral del Río, Xabier Fernández, Dolores Garza, Santiago Gómez, Leticia Lorenzo, Rocío Rodríguez, Francisco Rodríguez, María Xosé Vázquez e Mercedes Vila.

Desculpa a asistencia: Eduardo Giménez.

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 10.15 horas, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09/02/2023).
- 2.- Informe da responsable de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, das memorias do Grao en ADE modificadas por adaptación ao RD 822/2021: memoria de titulación, memoria económica, memoria xustificativa y memoria resumo de cambios.
4. Asuntos de trámite.
5. Rogos e preguntas

**Punto 1.**

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 09/02/2023, con unha corrección suxerida por Rocío Daponte, relacionada coa repetición dunha palabra na redacción dos acordos do punto 4 da acta.

**Punto 2.**

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, explica o procedemento e calendario a seguir unha vez aprobadas as memorias na CGC (Comisión de Garantía da Calidade) ate a súa implantación potencial no curso 2024/25.

Apróbanse por asentimento a memoria de titulacións, a memoria económica, a memoria xustificativa e a memoria resumo de cambios do Grao en ADE.

**Punto 3.**

A decana, Dolores Garza, explica que ante a apertura do mapa de titulacións nivel galego, e a publicación por parte da Xunta de Galicia dun listado de temas de interese, as Universidades do SUG (Sistema Universitario Galego) deciden presentar conxuntamente un Máster en Economía Circular, de carácter interuniversitario e coordinado dende ECOBAS.

Apróbanse por asentimento as memorias do Máster en Economía Circular.

**Puntos 4.**

Non hai asuntos de trámite.

**Punto 5.**

Rocío Daponte pregunta se se ten aprobado o IRD (Informe de Revisión pola Dirección) do curso 2021/22. A responsable de Calidade, María Xosé Vázquez, responde que está pendente debido á tardía incorporación de datos no Portal de Transparencia pero que en breve se procederá á súa elaboración e aprobación en CGC .

Levántase a sesión ás 10.37 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

---

---

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 23/05/2023
---

Asistentes: Begoña Álvarez, Tony Crespo, Coral del Río, Dolores Garza, Santiago Gómez, Francisco Rodríguez, María Xosé Vázquez e Mercedes Vila.

Desculpan a asistencia: Eduardo Giménez, Rocío Rodríguez e Leticia Lorenzo.

Comeza a sesión ás 12.15 horas, coa seguinte orde do día:

Aprobación, se procede, do "Informe de autoavaliación de renovación da acreditación do grao en Economía".

Apróbase por asentimento o informe, condicionado á introdución dalgúns cambios menores suxeridos por Begoña Álvarez.

Levántase a sesión ás 12.25 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

---

---

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 05/06/2023
--

Asistentes: Begoña Álvarez, Tony Crespo, Coral del Río, Dolores Garza, Santiago Gómez, Leticia Lorenzo, Rocío Rodríguez, María Xosé Vázquez e Mercedes Vila.

Desculpa a asistencia: Leticia Lorenzo, Eduardo Giménez e Francisco Rodríguez.

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 11.30 horas, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (19/04/2023 e 23/05/2023).
- 2.- Informe da Vicedecana de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, dos cambios na memoria do grao en ADE derivados das alegacións presentadas durante o período de exposición pública.
- 4.- Aprobación, se procede, dos cambios na memoria do Mestrado en Economía Circular derivados das alegacións presentadas durante o período de exposición pública.
- 5.- Rogos e preguntas.

**Punto 1.**

Apróbase por asentimento a proposta de actas correspondentes á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 19/04/2023, e á reunión extraordinaria do 23/05/2023).

**Punto 2.**

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, explica que unha vez rematado o período de alegacións para as memorias de ADE e do Mestrado en Economía Circular, incorporáronse á memoria en ADE dúas modificacións requiridas pola área de calidade, así como os cambios requiridos para a memoria do Mestrado en Economía circular. Para poder continuar cos trámites necesarios para a aprobación de ambas memorias, e preciso a aprobación destes cambios tanto en CGIC como en Xunta de Facultade.

**Punto 3.**

Apróbase por asentimento a memoria de ADE, cos cambios incorporados.

**Punto 4.**

Apróbanse por asentimento a memoria do Mestrado en Economía Circular, cos cambios incorporados.

**Punto 5.**

Non hai asuntos de trámite.

**Punto 5.**



Levántase a sesión ás 11.45 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez